



A narrativa, o ensaio e o teatro antes de 1936

- a) As **Irmandades da Fala** → creación de coleccións de **narrativa breve** (Céltiga, Lar), para que a xente se habituase gradualmente a ler narrativa en galego.




A narrativa, o ensaio e o teatro antes de 1936


b) O grupo Nós



VICENTE RISCO



OTERO PEDRAYO




CASTELAO

VICENTE RISCO

- Nado en **Ourense**.
- Interesado polo **espiritualismo** das **culturas orientais**.
- Considérase o **pai do nacionalismo** galego grazas á obra *Teoría do nacionalismo galego* (1920).
- A súa novela, *O porco de pé*, é considerada a **primeira novela moderna** da literatura galega.
- Autor do único poema futurista (unha das liñas das vangardas) en lingua galega.
- Despois dunha **estadía en Berlín**, as súas ideas vólvense máis conservadoras e católicas, mesmo antisemitas.







NARRATIVA

Teoría do nacionalismo galego

Vicente Risco



ENSAIO



Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo. O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, como as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o é o miolo de D. Celidonio. Se lle escacharan a testa, que tiña que ser con paoferro e picaraña, en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro que por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pementa. [...]


Vicente Risco: *O porco de pé*, 1928.




<https://vimeo.com/112316768>


RAMÓN OTERO PEDRAYO

- Nado en **Ourense**, no mesmo edificio ca Vicente Risco.
- Estudou **Dereito** e foi deputado polo Partido Galeguista nas cortes republicanas.
- As súas novelas máis coñecidas son *Os camiños da vida* e *Arredor de si*.
- Publicou moitos ensaios relacionados coa xeografía e coa historia de Galicia.





NARRATIVA




TEATRO

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO


- Nado en **Rianxo**, emigra a Arxentina.
- **Polifacético:** Pintor, debuxante, narrador, dramaturgo, ensaísta e político galeguista.
- En *Cousas* combina a súa faceta de debuxante coa escrita.
- O seu ensaio *Sempre en Galiza* é aínda hoxe unha **referencia do nacionalismo**.
- A súa obra de teatro *Os vellos non deben de namorarse* modernizou o teatro galego e foi unha referencia para os emigrantes de Bos Aires, onde foi estreada.

"Fíxenme médico por amor a meu pai; non exerzo a profesión por amor a humanidade".






NARRATIVA



ENSAIO




TEATRO

Os vellos non deben de namorarse



Castelao nas artes



Algunhas citas de Castelao:

A vergonza é peor que a fame.

*Unha lingua é máis que unha obra de arte;
é matriz inagotable de obras de arte.*

Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.



E agora vou facervos a miña confesión de emigrado galego. Sentínme refuxiado nos EE.UU.; pero aquí son un emigrante, porque estou sempre rodeado de galegos e deste xeito síntome en contacto coa miña terra. E aínda que morrese aquí, os meus ósos irían ó camiño de esqueletos que une a Galicia coa Arxentina. Pero son feliz porque teño a esperanza de morrer na miña terra. Eu hei de ir alá, cando sobre a miña patria alumee o sol da liberdade e nos vales do meu país resoe o aturuxo da vitoria.


— Castelao^[42]

Castelao, precursores dos *memes*? [1:30-5:30]

1. Que observamos na estampa? Cales son os personaxes? Como son?
2. Cal é o texto? Como se relaciona coa imaxe?
3. En conclusión, que situación está a denunciar Castelao nel? Como o relacionas co visto na clase até o de agora?



Tarefa: *Cousas da vida* de hoxe



Pensa nunha **situación que denunciaría** Castelao hoxe.

Elabora unha “cousa” ou estampa como faría el.

Tes varias opcións:

- Debuxar unha escena á que lle por un “título” breve embaixo.
- Debuxar unha persoa e escribir un comentario ou pensamento dela embaixo.
- Debuxar un par de persoas que falan e facer un diálogo moi breve de 2-3 intervencións.

2023, o centenario do Seminario de Estudos Galegos

Responde as preguntas:





1. Que día naceu o SEG?
2. Quen o crea? Como?
3. Escribe unha das claves que se dan no vídeo para entender o labor do SEG.
4. Quen era o encargado da sección de Xeografía?
5. Quen deseñou o escudo?
6. Cal foi a súa sede?
7. Que pasou co SEG despois da guerra?

A narrativa, o ensaio e o teatro antes de 1936

b) As vangardas → RAFAEL DIESTE

- Nace en **Rianxo**.
- Achégase ás **vangardas** con Manuel Antonio, ambos os dous grazas á Vicente Risco.
- Publicou só un libro de relatos, *Dos arquivos do trasno* (1926), e unha obra de teatro, *A fiestra valdeira* (1927).





Relatos de Dos arquivos do trasno:

“O neno suicida”

e

“Sobre da morte de Bieito”

<http://xuditcasas.es/filmografia/cortometrajes/sobre-a-morte-do-bieito/> (Adaptación en vídeo)